

PROXECTO LECTOR DO CENTRO

CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ
CAMBRE – A CORUÑA

ÍNDICE

:

1. Introducción	3
2. Marco legal	3
3. Análise da situación de partida	5
4. Coordinación do proxecto lector	6
5. Plan de actuacións	
5.1. Obxectivos	8
5.2. Actividades	9
6. Plan anual de lectura	12
7. Necesidades e compromiso de formación do profesorado	14
8. Criterios e procedementos de avaliación	14

1. INTRODUCCIÓN

O Proxecto Lector é un documento que integra todas as intervencións do centro destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades informativas. Entre os obxectivos do mesmo destacan favorecer a competencia lectora e literaria do alumnado, educar no uso crítico da información, fomentar o hábito da lectura e apoiar na adquisición das competencias clave. Este documento será a referencia para a programación do Plan Anual de Lectura que se incorpora cada curso á Programación Xeral Anual.

Como referente lexislativo básico, cabe destacar o vixente Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que recolle a obrigatoriedade de que todos os centros de ensino non universitario elaboren os seus proxectos lectores do centro, co fin de articular as actuacións de todo o profesorado destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave. Entre os requisitos destes proxectos lectores establécese a existencia dunha biblioteca escolar convenientemente atendida.

A incidencia dos problemas de lectura no fracaso escolar está acadando niveis tan importantes que é preciso facer unha análise pormenorizada da práctica educativa, reflexionando sobre o que debemos facer para espertar o interese do noso alumnado pola lectura e pensar con moito tino que aspectos debemos evitar, en que partes estamos fallando.

A presenza da cultura escrita, en todas as presentacións posibles, debe estar sempre no conxunto do centro educativo, conectando este con outras fontes culturais e informativas a través das tecnoloxías da comunicación e información.

Só o que se ama, o que nos fai vibrar, pode transmitirse con igual entusiasmo, así que tentaremos de que mestras e mestres sexan os primeiros namorados deste proxecto.

2. MARCO LEGAL

- **A Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. (BOE, 10/12/13), modificada pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro.**

O artigo 14.5 establece que no segundo ciclo da educación infantil fomentárase unha primeira aproximación á lectura.

O artigo 16.2 dispón que a finalidade da educación primaria é proporcionar a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura e á escritura.

O artigo 17.e determina que un dos obxectivos da educación primaria é desenvolver hábitos de lectura así como coñecer e utilizar axeitadamente as

linguas oficiais de Galicia.

O artigo 19 establece que a fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura todos os centros educativos dedicarán un tempo diario á mesma, nos termos recollidos no seu proxecto educativo. Co obxecto de facilitar dita práctica, as Administracións educativas promoverán plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para elo contarase, no seu caso, coa colaboración das familias e do voluntariado, así como o intercambio de boas prácticas.

O artigo 113 está dedicado ás bibliotecas escolares como contribuíntes do fomento da lectura, do acceso do alumnado á información e doutros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias.

- **Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 26/09/22)**

O artigo 7.e dispón como obxectivo da Ed. Primaria coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

O artigo 9.4 establece que a área de Lingua Galega e Literatura terá un tratamento no centro análogo á de Lingua Castelá e Literatura, de xeito que se garanta, en todo caso, o obxectivo de competencia lingüística suficiente en ambas as linguas oficiais segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

O artigo 16.5 indica que a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. Para facilitar esta práctica, a consellería con competencias en materia de educación promoverá plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para iso contarase, de ser o caso, coa colaboración das familias ou persoas titoras legais e do voluntariado, así como co intercambio de boas prácticas.

O artigo 16.9 así mesmo sinala que sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

O artigo 33 Bibliotecas escolares a aproximación á lectura indica:

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura coa finalidade de promover a lectura, que se concretará

anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar e deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de biblioteca, que se concretará anualmente na programación xeral anual a través das correspondentes actuacións, coa finalidade de promovela como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Así mesmo, a biblioteca escolar será un punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes, o traballo colaborativo e os intercambios culturais no centro, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

- **Orde do 17 de xullo de 2007, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG, 24/07/07)**

- **O artigo 9** indica que a biblioteca escolar é un recurso educativo imprescindible para a capacitación e o fomento da lectura, de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes.

- **O artigo 10** dispón cales son as funcións do dinamizador de biblioteca.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA:

A Biblioteca Escolar é o espazo privilexiado no que todas as actividades de fomento de lectura e escritura se ven estimuladas por ser o centro de recursos informativos do centro.

Está distribuída en tres zonas ben sinalizadas nas que o mobiliario foi renovado durante os cursos anteriores coas subvencións recibidas do PLAMBE e parte do orzamento específico co que contamos no centro. Estes espazos son:

- **Zona de literatura e ficción:** As seccións son prelectores, primeiros lectores, lectores autónomos, revistas e xornais e, libros en inglés; ademais existe un espazo para rexistro e catalogación que conta cun ordenador.
- **Zona de documentación e divulgación:** Con libros para todas as idades; tamén hai instalado un canón de proxección e unha pantalla dixital e ordenador para usuarios.
- **Zona ordenadores:** Hai dous ordenadores a disposición do alumnado.

A biblioteca ten como funcións principias:

- **Formalización dos préstamos:** Actualmente os xestores son os titores que efectúan os préstamos co seu alumnado durante o horario que teñen asignado.

O rexistro fano as titoras/es a través do programa KOHA.

Contamos cunha CDU adaptada para que os códigos de préstamos sexan máis sinxelos para o alumnado.

- **Formación de usuarios:** Faise coas mestras titoras, responsables do seu grupo, econtan coa axuda do coordinador da biblioteca.
- **Dinamización de actividades de animación á lectura:** contacontos, teatro, exposicións, lecturas colectivas, teatro lido... teñen cabida nesta sección.

A biblioteca permanece aberta durante toda a xornada lectiva de mañá e tamén polas tardes como parte das actividades extraescolares do centro:

- **De 9:30 a 14:30 horas:** Establécense unhas quendas de uso dunha sesión semanal para cada grupo. O alumnado vai coa titora e o servizo aglutina préstamo, consulta, estudo, lectura ou calquera outra dentro do programa da biblioteca.
- **De 16:00 a 17:15 horas:** As persoas responsables son os mestres ou mestras de garda. Este tempo dedícase a lectura, consulta ou estudo, pero non hai servizo de préstamo.

Respecto dos fondos bibliotecarios, as recomendacións internacionais aconsellan que sexan dun 70% de obras de referencia (coñecemento, información) e dun 30% de literatura.

Levamos varios cursos mercando unha boa cantidade de libros de divulgación e material multimedia, pero aínda non chegamos a esa proporción, sendo maioritarios os fondos de ficción.

4. COORDINACIÓN DO PROXECTO LECTOR

O órgano centralizador da xestión e organización de actividades de fomento da lectura, e polo tanto da elaboración do proxecto lector do centro, é o equipo de dinamización da biblioteca que estará formado polo responsable da biblioteca escolar e un equipo de apoio no que están representados todos os ciclos educativos. O seu labor queda reflectido da seguinte maneira:

- **FUNCIÓNS DA PERSOA RESPONSABLE DA BIBLIOTECA ESCOLAR:**
 - Elaborar o proxecto anual da biblioteca escolar, atendendo aos proxectos do centro, así como a memoria final.
 - Elaborar o Plan Anual de Lectura.
 - Coordinar a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
 - Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar, catalogar).
 - Informar ao Claustro, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica, das

actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.

- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e coordinar o seu servizo.
- Coordinar co equipo de apoio o asesoramento en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos e a dinamización cultural do centro.
- Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
- Representar ao equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

(Por esta razón, deberá ter un horario de dedicación á biblioteca, non inferior a cinco horas lectivas, sendo este tempo respectado e considerado como de traballo directo co alumnado)

• **FUNCIÓNS DO EQUIPO DE APOIO:**

- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo de biblioteca, co fin de facilitarllelos ós usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar no deseño, organización e posta en marcha e avaliación do plan anual de lectura e do proxecto lector.
- Establecer criterios para a adquisición e a actualización dos fondos da biblioteca, contribuíndo a incorporar no plan anual de lectura os distintos tipos de contidos e formatos de texto.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e do alumnado co fin de mellorar as intervencións no plan anual de lectura.
- Colaborar co desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

• **REUNIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA:**

- O centro ten establecido o calendario de reunións do profesorado nas tardes dos luns. As reunións do equipo de biblioteca serán, sempre que sexa posible o primeiro luns de cada mes. Como equipo de traballo, o grupo de dinamización da biblioteca aplicará o calendario especificado, sen prexuízo de tódalas veces que con carácter extraordinario sexa necesario.
- Nestas reunións deseñaranse as actividades que levarán a cabo co alumnado tanto os dinamizadores da biblioteca como o resto do

profesorado.

- As actividades organizadas elevaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, como órgano aglutinador dos diferentes equipos, para a súa aprobación, así como se recollerán as diferentes propostas (temas, ideas, intereses) que desde alí se fagan.
- Coordinará os préstamos temporais que se lle farán aos diferentes ciclos para conformar a súa biblioteca de aula e levar a cabo o tempo de lectura diaria.

Ademais os EQUIPOS DE COORDINACIÓN colaborarán no plan de lectura nos seguintes termos:

- Coordinar as actuacións que desde cada área se levarán a cabo para dedicar un tempo diario á lectura.
- Analizar as competencias que desde cada área poidan contribuír a cumprir os obxectivos do proxecto lector.
- Diseñar materiais e actividades de aula apropiadas aos obxectivos do proxecto lector e coordinalas coas accións do centro e da biblioteca.
- Incorporar a biblioteca como elemento didáctico ás súas actividades de aula nos campos de comprensión lectora e animación á lectura, escritura, formación de usuarios... reflectíndoo nas programacións didácticas.
- Participar nas accións do centro e da biblioteca que favorezan a consecución dos obxectivos do proxecto lector.
- Formarse e avaliar a incidencia da súa formación na práctica docente.
- Participar no equipo de apoio á biblioteca.

5. PLAN DE ACTUACIÓN

5.1. OBXECTIVOS

- Converter a biblioteca escolar nun centro de recursos e servizos para toda a comunidade educativa poñendo a súa disposición todos os fondos existentes no centro.
 - Manter un orzamento específico para a biblioteca, actualizando os fondos de forma continuada e elaborando os materiais que se estimen necesarios.
 - Continuar co servizo de préstamo, tanto ao alumnado como ao profesorado. Con este motivo, establecerase no horario do centro, un sistema de quendas no uso da biblioteca de xeito que todo o alumnado poida facer uso dela acompañado da súa titora.
 - Renovar a formación de usuarios para que aprendan a desenvolverse autonomamente, creando e consolidando os hábitos de consulta e manexo da información.

- Dinamizar as bibliotecas, tanto as de aula como a de centro, con actividades atraentes para o alumnado e fomentando o uso dos recursos bibliotecarios para o traballo cotián da aula.
- Fomentar o uso da biblioteca como instrumento de lecer e de aprendizaxe.
- Realizar actividades de animación á lectura.
- Integrar as TIC como fonte de recollida de información e de aprendizaxe
- Renovar a colaboración entre a biblioteca municipal e o colexio en canto a exposicións, contacontos e elaboración de guías de lectura, engadindo ademais todas as que puideran xurdiren.
- Proporcionar un continuo apoio ao programa de ensinanza e aprendizaxe e impulsar o cambio educativo, incluíndo no PEC, na PXA e nas programacións didácticas a idea da necesidade de lectura.
- Potenciar a lectura comprensiva e o hábito lector, intentando eliminar, na medida do posible, as dificultades lectoras que presente o alumnado e colaborando activamente nas demandas do Departamento de Orientación e do resto do profesorado.
- Implicar a todo o profesorado no desenvolvemento do Plan de Lectura nas aulas, coordinando, ademais, o tempo de dedicación á lectura diaria.
- Informar ás familias da necesidade da lectura e implicalas no Plan de Lectura que se estableza no centro.

5.2. ACTIVIDADES

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Actualización de fondos bibliotecarios e melloras do espazo coa axuda do orzamento específico de biblioteca que ten o centro, o investimento do PLAMBE e outras achegas económicas que poidan xurdir.
- Préstamo de fondos a través do Programa Koha. Implica formación de usuarios tanto a nivel de profesorado como de alumnado.
- Elaboración de quendas de uso da BE, para preparación de traballos, consulta e préstamo. O alumnado estará acompañado pola súa titora ou titor.

DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BE EN RELACIÓN CO CURRÍCULO E AS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO

- Elaboración de boletíns informativos coas novidades, actividades e noticias culturais e literarias, acompañándoos das debidas exposicións temporais para que o alumnado poida acceder a esta información con máis facilidade.
- Exposicións de traballos do alumnado.

- Actualización da páxina web do centro, así como do blog da biblioteca e da súa conta de Instagram.
- Elaboración de materiais para o profesorado con relación ao material do fondo bibliotecario que poida ser do seu interese.

FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL

- Continuidade coa formación de usuarios, involucrando ao alumnado no funcionamento da BE.
- Consolidación dos hábitos de consulta e manexo da información, coa axuda do profesorado, introducindo melloras na difusión e aproveitamento das publicacións periódicas e do material divulgativo que hai no centro.
- Orientación e elaboración de materiais para a educación documental.
- Realización dun proxecto documental que implique a toda a comunidade educativa. Terá carácter transversal a todas as áreas e materias do currículo.

FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

- **Os contacontos:**
 - Interacción do alumnado dos distintos ciclos de EP como contacontos dos máis pequenos.
 - *Contadas* de contacontos profesionais que nos ofrezan as diferentes editoriais.
 - *Contadas* da mascota da biblioteca municipal, *O MOUCHO LEROUCHO*. (*É destacable a excelente relación que mantemos coa biblioteca municipal que se traduce en diversas colaboracións, ademais dos contacontos, como son visitas, exposicións, etc.*).
- **O teatro:** Consideramos que a importancia da voz, do corpo, do xogo é moi importante para a formación de lectores e a práctica da lectura.
- **As exposicións:** Os libros teñen que estar ao alcance dos usuarios. Por esta razón amosaranse libros interesantes sobre temas determinados ou novidades que se vaian incorporando á biblioteca.
- **A promoción do préstamo, intercambio de libros e recomendación de lecturas entre o alumnado:** Consideramos necesario que os nenos e nenas se animen uns a outros na lectura; recomendarse libros supón que teñen que ser lidos previamente, que se establecen canles de comunicación culturais, que se axiliza e actualiza o pracer pola lectura.... Esta actividade formará parte da *hora de ler*, na que o alumnado pode facer aportacións interesantes á súa clase en calidade de préstamo, tanto de textos narrativos como de divulgación. É importante que a titora manteña unha supervisión para que este material sexa de calidade.

- **Plan anual de lectura: "Hora de ler".**

A HORA DE LER

SESIÓN S	HORARIO	DURACIÓN	OBSERVACIONES
1ª	9:30 - 10:20	50 minutos	Docencia ordinaria
2ª	10:20 - 11:10	50 minutos	Docencia ordinaria
3ª	11:10 - 12:00	50 minutos	Docencia ordinaria
	12:00 - 12:30	30 minutos	Recreo
4ª	12:30 - 13:40	20 minutos	Tempo de lectura diaria
		50 minutos	Docencia ordinaria
5ª	13:40 - 14:30	50 minutos	Docencia ordinaria

OBSERVACIONES:

1. O momento de lectura, de 12:30 a 13:00, será responsabilidade da mestra ou mestre que lle corresponda impartir docencia na 4ª sesión, é dicir, de 13 a 13:40.
2. O Plan lector propondrá e asesorará o modo de levar a cabo dita actividade, de acordo co que se establece no Plan Anual de Lectura do Centro.

6. PLAN ANUAL DE LECTURA

- **A hora de ler:** Establecese un tempo específico de 20 minutos de lectura diarios tal e como recomenda a lexislación vixente. Ten as seguintes características:
 - Farase na 4ª sesión, despois do recreo.
 - Os libros son responsabilidade de cada alumno ou alumna e deben ser tratados coa consideración que se merecen.
 - Os libros que se len neste tempo poden ter diferentes procedencias: Propiedade do alumno ou alumna; préstamo ou recomendación dalgún compañeiro, compañeira ou mestra; préstamo da biblioteca do centro ás aulas.
 - Poderase establecer tempos de lectura colectiva para o que se empregarán os lotes de libros existentes da biblioteca ou se lle solicitará ao alumnado algún libro de lectura como parte do seu material escolar.

As lecturas poderán organizarse en itinerarios formativos e en función das características do grupo e/ou a concorrencia de determinadas circunstancias na vida do centro.

ITINERARIOS FORMATIVOS

1. FORMACIÓN PERSONAL

- Hábitos de hixiene, alimentación e sono
- Formación física: desenvolvemento do corpo
- Autoestima e superación de dificultades
- Esfuerzo e esixencia persoal: hábitos de estudio
- Capacidade de análise e crítica: toma de decisións
- Emocións, afectos e identidade sexual
- Desenvolvemento moral

2. FORMACIÓN RELACIONAL

- Normas de comportamento social
- Empatía e comprensión dos demais: Tolerancia, solidariedade, respecto polas diferenzas.
- Amizade e compañeirismo. Traballo en equipo e liderado.
- Ocio compartido. Problemas de convivencia e inadaptación social
- Vida familiar e posibles conflitos

3. APERTURA AO MUNDO

- Os valores humanos: paz, xustiza, liberdade...
- O medio ambiente e a mellora do contorno
- Coñecemento e apreciación doutras culturas e contornos
- Viaxes e desprazamentos xeográficos
- Coñecemento da historia
- Os avances científicos
- O mundo laboral

- **O Club de Lectura:** Sempre que a organización do centro o permita, levarase a cabo un Club de Lectura que irá dirixido principalmente ao alumnado de cursos superiores. Será coordinado pola persoa responsable de biblioteca ou, de non ser posible, por calquera outro mestre/a do centro. As reunións deste club terán certa periodicidade e nelas se farán intercambios de opinións, ideas ou calquera aportación que ao alumnado lle suxira o libro seleccionado.
- **As Mochilas Viaxeiras:** cada curso poranse en marcha unha serie de Mochilas Viaxeiras en función da diferente demanda dos ciclos. Estas mochilas conterán material literario de diferentes tipos que o alumnado poderá levar ás súas casas durante unha semana. Desta maneira preténdese fomentar o gusto e pracer pola lectura a través do descubrimento de diferentes tipos de literatura.
- **Os encontros con escritores e ilustradores:** Esta actividade resulta moi atractiva para o alumnado, porque a maxia que se desprende ao poder falar coa persoa que escribiu ou debuxou un libro que lles gustou ánimaos a poñer en práctica todo o que transcende desas conversas, facendo que se interesen polo acto de escribir e de crear.
- **Os contacontos:** escoitaranse contos ao longo de toda a escolaridade a mans de expertos contadores, das mestras e mestres, das familias e dos compañeiros e compañeiras (*os nenos e nenas do 3º ciclo formaranse como contacontos do alumnado máis pequeno*). As *contadas* serán moi variadas e axeitadas para as diferentes idades e, o seu obxectivo principal será desfrutar da maxia das palabras.
- **O traballo por proxectos:** Elaborarase desde a biblioteca un proxecto documental que implique a toda a comunidade educativa e sexa investigado nas aulas en todas as áreas do currículo. Isto implica que o alumno ou alumna asume un maior protagonismo na súa aprendizaxe porque se trata dun tema aberto elixido por el mesmo e no que ten que por en práctica todos os coñecementos adquiridos como usuario da biblioteca:
 - Saber acceder á información
 - Desenvolver a súa capacidade de análise e síntese
 - Discernir entre o fundamental e o secundario
 - Ser crítico...
- **O teatro:** É moi importante noso centro. A súa relevancia procede tanto da emoción na produción dunha creación colectiva e única (elección da peza, reparto dos papeis, ensaios, decorados, vestiario... e posta en escena), como das implicacións didácticas que conleva na adquisición de competencia lingüística (cultivando habilidades lingüísticas básicas como son escoitar, falar, ler e comprender). Os obxectivos que se pretenden con esta actividade son:
 - Favorecer a toma de conciencia do corpo e da voz.
 - Potenciar as habilidades expresivas (xesto, voz, corpo).
 - Facilitar a libre expresión de fantasía, emotividade e sensibilidade.

- Propiciar a experimentación de diferentes formas de linguaxe artístico.
- Desenvolver a memoria, observación e imaxinación dos participantes.
- Incentivar a integración grupal e o respecto ao compañeiro ou compañeira.
-

7. NECESIDADES E COMPROMISO DE FORMACIÓN PARA O PROFESORADO

O fomento da lectura precisa da colaboración entusiasta de todo o profesorado do centro, de xeito que se poida garantir unha sistematicidade e continuidade nas actividades de achegamento aos libros para afianzar o hábito lector no alumnado.

Contamos cun equipo de mestras e mestres que teñen experiencia en animación á lectura e formación bibliotecaria e que poden animar e asesorar ao resto do profesorado.

Por outra banda, existe o compromiso do equipo de biblioteca de participar naquelas actividades que determine a Consellería relacionadas coa lectura e as bibliotecas escolares.

8. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Para sistematizar o proceso de seguimento e avaliación das actuacións que se desenvolvan no Plan Anual de Lectura, realizaranse:

- **Un proceso de seguimento das actuacións previstas (autoavaliación por parte do profesorado e o alumnado implicado)** que analizará, entre outros, os seguintes aspectos:

- Os obxectivos acadados, as dificultades xurdidas e as posibilidades de mellora.
- A metodoloxía e recursos empregados.
- As actitudes e motivacións do profesorado, alumnado e familias.
- A temporalización das diferentes actuacións.

- **Unha avaliación final**, cuxas conclusións e propostas de mellora serán incluídas na memoria anual do centro, que sintetice, entre outros, os seguintes aspectos:

- O progreso do alumnado en relación coa adquisición de hábitos lectores e a mellora da competencia lectora.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos.
- O grao de desenvolvemento das actuacións previstas e a súa coherencia.
- O aproveitamento dos recursos do centro.
- O grao de implicación do profesorado, do alumnado, das familias e dos axentes externos.
- As estratexias metodolóxicas aplicadas
- A coordinación entre os diferentes xestores educativos.
- O clima lector do centro.
- As actividades de formación realizadas e a valoración das mesmas.
- As posibilidades de mellora nas actuacións levadas a cabo.